

PEZA DO MES

novembro

2023



**PELA DE BARRO
CASTRO DE LAIAS**



Pela de barro. Castro de Laias

Século I a. C.
Barro cocido
9,1 x 8,9 x 5,6 cm
Castro do Castelo de Laias
Núm. Inv.: DX1029/1

A peza que presentamos corresponde a un fragmento irregular de barro cocido, tendente a unha forma plano-convexa, de cor máis escura na parte superior, por efecto do lume, que na inferior, máis plana, cun peso aproximado de 300 g. Procede das escavacións realizadas por Luis Francisco López González e Yolanda Álvarez González, nos anos 1996 e 97, no Castro do Castelo de Laias, con motivo das obras realizadas para a construción da autoestrada das Rías Baixas.

Presenta a peculiaridade de amosar as marcas en profundidade de tres dedos, ademais de gran cantidade de pegadas dactilares en toda a súa superficie, identificándose, nitidamente, dúas na parte inferior e tres na contorna da parte superior. As pelas celtibéricas de Gormaz, Numancia ou Roa de Duero, representan tamén elocuentes exemplos da existencia nelas de pegadas dixitais.

Este tipo de pezas, a modo de tortas informes, foron elaboradas a partir dunha masa de barro cru por esmagamento, batendo no barro coa man dereita, mentres se suxeitaba coa esquerda. Acostuman estar asociadas a refugallos dos fornos de cocción cerámica, cunha función non moi ben definida, pero, previsiblemente, formando parte dos elementos

auxiliares do proceso de cocción, como o de taponar as gretas ou tobeiras do forno, que puideran ocasionar prexudiciais correntes de aire para a fornada cerámica. Agora ben, consideramos que a peza que nos ocupa, debeu ter cumprido algunha outra función, pois en ningún dos seus lados presenta en negativo a forma do obxecto ou lugar sobre o que iría aplicada. Todo parece indicar que se trata dunha pela pensada para fabricar algún elemento auxiliar dun recipiente, pois resulta excesivamente pequena para unha vasilla enteira, que por algún motivo que se nos escapa se coceu no forno en estado orixinario de pela.

A importancia da análise dos dermatoglifos, é dicir, das impresións das cristas papilares e dos sucus interpapilares, particularmente os dos dedos, *dactilares*, para o estudo do pasado, é innegable, podéndose chegar a obter datos con precisión de carácter individual, e incidir en aspectos socio laborais da propia comunidade, como a división do traballo por sexos, ben documentada nalgunhas actividades de carácter artesanal como a produción cerámica, e inclusive, intentar establecer o número de artesáns que traballaron nun determinado taller, ou a vinculación dun oleiro cun tipo cerámico concreto.

A cerámica móstrase como un material idóneo para a produción e conservación de pegadas dactilares, pois non só resulta fácil a súa impresión, senón que, despois da cocción, se converte nun elemento duro que mantén a pegada durante un longo período de tempo. A anchura das cristas epidérmicas MRB, polas súas siglas en inglés (*Mean Ridge Breadth*), defínese como a determinada pola «distancia entre o centro dun suco epidérmico e o centro do seguinte suco, definindo unha liña que forma un ángulo recto co dirección do suco». Hai que ter en conta que as pegadas en cerámica son o negativo das cristas epidérmicas, e que o secado por medio da cocción pode reducir a anchura da crista, producindo certa distorsión, polo que é necesario introducir criterios de corrección.

Agora ben, a pesar da importancia do estudo dos *dermatoglifos*, a partir da análise das pegadas dactilares que perduraron en diversos materiais, especialmente os cerámicos, foi un campo pouco explorado pola investigación arqueolóxica, pasando practicamente desapercibidos.

Iniciativas, como o proxecto español *Holmes*, de mediados dos anos noventa do século XX, liderado por un equipo interdisciplinar de arqueólogos e

profesionais da medicina legal, con financiamento da Dirección General de Investigación Científica y Técnica, que tiña por obxecto facer un rexistro do patrimonio de pegadas humanas antigas, para valorar a súa achega ao coñecemento do pasado, non tivo a repercusión nin a continuidade que nun principio se podía esperar.

Máis recentemente, novos equipos de investigación foron interesándose por este tema, coa valoración de aspectos tales como a densidade das cristas, co obxectivo de deducir o sexo e a idade aproximada do autor ou autores dos *dermatoglifos*. Nesta liña, estase a traballar actualmente desde o departamento de Biología Animal, Biología Vegetal i Ecología da Universitat Autònoma de Barcelona, con pegadas dactilares tanto sobre cerámica antiga, como sobre pintura rupestre esquemática. Este grupo de investigación calcula o sexo e idade aproximada do individuo ao que pertence o *paleodermatoglifo*, por medio da comparación das pegadas dactilares coa poboación actual. Entre os seus resultados, para o estudo das pegadas dactilares dunhas cerámicas da Idade do Bronce, procedentes de La Canal dels Avellaners, recolléronse as pegadas dunha mostra de 222 individuos, de entre 6 e 58 anos, cun número semellante de ambos sexos, permitindo concluír que o seu autor foi un home adulto.

Pola nosa parte, a pesar do interese en publicar os resultados dos estudos das pegadas dactilares sobre a peza que nos ocupa, non chegaron a tempo para poder ser incluídos nesta nota, polo que esperamos poderlos comunicar proximamente.

O xacemento onde se exhumou tan singular peza, o Castro do Castelo de Laias, foi descuberto por Chamoso Lamas, quen, en colaboración con Cuevillas e Lorenzo Fernández, nunha primeira campaña de escavacións realizada en 1949, completada con outras posteriores, puxeron ao descuberto unha serie de depósitos labrados na rocha, que relacionaron coa extracción de ouro polo procedemento de decantación.

Máis aló destes resultados, a verdadeira dimensión e interese científico do xacemento púxose de manifesto nas intervencións de 1996 e 1997, nas que, o corte histórico-espacial do asentamento, permitiu aos seus responsables a diferenciación de diferentes etapas:

Un nivel descontinuo antigo, adscrito ao Bronce Final e comezo do Ferro I (século IX e primeira metade do

VIII a. C.), documentado na parte superior do poboado, ben acreditado por datacións de carbono 14, e pola presenza de artefactos metálicos e cerámicos, cunha clara vinculación cultural a este momento.

A etapa adscrita ao Ferro II, ocupa a ladeira do monte, sendo preciso salvar o desnivel existente mediante bancais. Na parte superior do poboado, sobre o nivel anterior, rexistráronse unha serie de plataformas onde se instalaron celeiros. O espazo delimitase por medio dunha muralla de cachotaría, provista dunha singular porta de entrada, flanqueada por dous torreóns e catro grandes lousas de granito colocadas verticalmente para sustentar unha cuberta, formando un corredor no que se atopou un gran número de vasillas da mesma forma e distinto tamaño. O acceso practicouse mediante unha rúa lousada, con chanzos para impedir o paso dos carros.

Sen dúbida, chaman a atención as peculiaridades deste recinto amurallado, onde se estableceron os depósitos de gran, en terrazas construídas con bancais para conseguir superficies niveladas, alternando con outras que servían de paso e distribución espacial. Os depósitos, de planta tendente a cuadrangular, en número de 61, e cunhas dimensións que oscilan entre 0,60 m² e 5 m², están construídos con armazóns vexetais e barro sobre unha base de madeira ou cortiza, tamén illada do chan polo mesmo sistema. Estímase que a súa altura podería chegar a 0,80 ou 1 m, e que, pola presenza de buratos de poste, deberon ter algún tipo de cuberta. No seu interior consérvanse restos de trigo, cebada, avea, paínzo, fabas, chícharos, etc.

Monte abaixo, nunha vagada natural, aséntanse as vivendas deste segundo recinto, separadas da muralla do primeiro por 30 m, coa intención de impedir que un posible incendio puidera afectar aos celeiros. As vivendas adaptanse ás condicións naturais do terreo, co aproveitamento en moitos casos da propia rocha natural para a construción das paredes, que se complementan con muros de pedra ou barro con elementos vexetais, apenas diferenciadas coas documentadas noutros castros, con estancias provistas de fogares e outros espazos auxiliares.

Xa, na terraza inmediatamente inferior, identifícanse estruturas con materiais, nos que conviven a tradición castrexa con elementos romanos do século I a. C., que a medida que se descende, resultan máis abundantes, en conexión coa área xa explorada por Chamoso Lamas.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende a época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

De martes a sábado: 9.00 a 21.00 h ininterrompido

Domingo: 9.00 a 15.00 h

Pechado os luns e festivos oficiais



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

Outros servizos do museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Xulio Rodríguez González

ISSN: 1579-9956

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río Martínez

MAQUETA: Araceli Gallego Blanco

musarqourense
museo arqueolóxico provincial de Ourense

